

MEMORIA 2024

CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Edición: Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Casa da Concha. Rúa da Conga nº 1

15782. Santiago de Compostela

Telf.: 881 813 442

csocial@usc.gal

www.usc.es/csocal

Reedición, deseño e maquetación: Kibou Digital

Fotografías da USC: Santi Alvite

MEMORIA 2024



CONSELLO SOCIAL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONSELLO SOCIAL



índice

1. CARTA DA PRESIDENTA DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)	8
2. O CONSELLO SOCIAL	10
FUNCÍONS E COMPETENCIAS	14
COMPOSICIÓN DO PLENO	16
COMISIÓNS	18
REPRESENTACIÓN NOUTROS ÓRGANOS	19
3. ACORDOS E ACTIVIDADE INTERNA	20
REUNIÓNS E ACORDOS DO PLENO	22
ASISTENCIA	25
PLAN DE ACTUACIÓN 2024-2026	26
RELACIÓNS INTERINSTITUCIONAIS	27
4. ACTIVIDADES	28
APOIO Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	30
Prácticas extracurriculares	30
Bolsas e apoio ao alumnado	34
Programa de apoio persoas refuxiadas	40
Axudas do Consello Social da USC	41
RECOÑECEMENTO E IMPACTO	42
Premio ao alumnado mellor valorado	42
Premio Humanitas a entidades sociais	43
5. XESTIÓN ECONÓMICA	44
RESUMO ORZAMENTARIO	46
6. MARCO NORMATIVO	48



A close-up photograph of a hand holding a blue pen, writing on a document. The background is blurred, showing a desk and some papers. A dark blue semi-transparent box is overlaid on the left side of the image, containing text. A green stepped graphic element is in the top left corner.

1.

CARTA

DA PRESIDENTA
DO CONSELLO
SOCIAL DA USC





CECILIA SIERRA REY

Presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela



UN ANO MÁIS REFORZAMOS O NOSO COMPROMISO CUNHA UNIVERSIDADE MÁIS PRÓXIMA, CONECTADA COA SOCIEDADE, ATENTA ÁS NECESIDADES DO SEU ALUMNADO E RESPONSABLE COS NOVOS DESAFÍOS QUE AFRONTA O ENSINO SUPERIOR.

1. CARTA DA PRESIDENTA DO CONSELLO SOCIAL DA USC

Se tivera que resumir en poucas palabras o que significou o 2024 para a Universidade de Santiago de Compostela e para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela sería como un ano de cambios e aprendizaxes.

Como presidenta do Consello Social, síntome especialmente orgullosa do esforzo colectivo que realizamos para dar resposta a un reto tan complexo como foi e está sendo asumir a xestión de novas obrigas derivadas da normativa da Seguridade Social, que esixiu tramitar as altas e cotizacións de todo o alumnado en prácticas. É unha tarefa intensa, que require unha gran capacidade de organización e cooperación interna, e que pon en valor a nosa función como espazo de servizo e apoio á comunidade universitaria.

Neste eido, consolidamos a nosa participación na organización das prácticas externas extracurriculares, a través de dúas convocatorias anuais e acompañando ao estudantado nos seus primeiros pasos no ámbito profesional. Este contacto directo coa súa experiencia achéganos ás súas expectativas e mófanos a recoñe-



cer a excelencia e o compromiso co Premio ao alumnado mellor valorado, un símbolo do talento que medra nas aulas da USC.

A dimensión social do Consello Social da USC foi tamén unha prioridade. Colaboramos activamente coa Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización no programa de axudas para persoas refuxiadas procedentes de zona en conflito, co convencemento de que o acceso á educación superior debe ser unha oportunidade real, mesmo en contextos de vulnerabilidade. E xunto con Alumni USC entregamos unha nova edición do Premio Humanitas, que nesta ocasión recoñeceu a Aspanaes polo seu labor exemplar de apoio ás persoas con transtorno do espectro autista e ás súas familias. Pequenos xestos que, no seu conxunto, constrúen unha universidade máis xusta, solidaria e inclusiva.

Nada disto sería posible sen a implicación de todas as persoas que forman parte do Consello Social da USC e do persoal que o sostén no día a día. A todas elas quero agradecerlle a súa dedicación e profesionalidade, pero tamén a súa vocación de servizo, porque grazas a ese compromiso común a institución segue a ser un espazo útil, vivo e conectado coa realidade da nosa universidade e do noso país.



2.

O CONSELLO SOCIAL

- **FUNCIÓNS E COMPETENCIAS**
- **COMPOSICIÓN DO PLENO**
- **COMISIÓNS**
- **REPRESENTACIÓN NOUTROS ÓRGANOS**



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CONSELLO SOCIAL





2. O CONSELLO SOCIAL

O CONSELLO SOCIAL É O ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA NA UNIVERSIDADE E FORMA PARTE DA ESTRUCTURA DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO UN DOS SEUS ÓRGANOS COLEXIADOS.

A súa razón de ser é promover a conexión permanente entre a institución universitaria e o conxunto da sociedade, canalizando as necesidades sociais cara á universidade e favorecendo a súa resposta desde a formación, a investigación e a innovación.

Con esta finalidade, impulsa a colaboración activa entre a universidade e o seu contorno social, profesional, económico, tecnolóxico, científico e cultural, contribuíndo á mellora constante da calidade do servizo público da educación superior universitaria en Galicia.

Entre as súas atribucións, o Consello Social ten encomendada a supervisión das actividades económicas da universidade e do rendemento dos seus servizos, función que exerce con independencia e para a cal pode empregar técnicas de auditoría. Tamén promove a participación da sociedade no financiamento universitario e desenvolve todas aquelas funcións que lle asigna a normativa vixente.

A través da súa presidencia, pode solicitar a colaboración de persoas físicas ou xurídicas, tanto do ámbito universitario como externo, así como recoller a información necesaria dos órganos da universidade, da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e doutros organismos estatais homólogos. Os acordos adoptados polo Consello Social deben ser executados polo reitorado e esgotan a vía administrativa.

A organización e funcionamento recaen na persoa que ocupa o cargo de secretaria do órgano. Conta tamén cunha partida orzamentaria específica dentro dos orzamentos da Universidade, que debe garantir a suficiencia dos recursos necesarios. Esta dotación económica inclúese como nominativa no plan de financiamento das universidades, segundo o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.

FUNCIÓNS E COMPETENCIAS

O Consello Social, para contribuír ao logro da excelencia na docencia e na investigación e á transferencia do coñecemento xerado no seo da universidade, leva a cabo as seguintes funcións e competencias:



NO ÁMBITO DA SÚA PROPIA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- ❑ Elaborar o seu regulamento de organización e funcionamento, así como as súas modificacións, e elevalo á consellaría competente en materia de universidades para a súa aprobación.
- ❑ Propoñer o cesamento dalgún dos seus membros á autoridade, entidade ou institución que o designou, logo da declaración da súa situación de incompatibilidade ou de incumprimento grave ou reiterado das súas obrigas.
- ❑ Informar á Xunta de Galicia sobre o réxime de retribucións ou indemnizacións dos seus membros, consonte o disposto na normativa vixente.



NO ÁMBITO DA RELACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE E A SOCIEDADE

- ❑ Aprobar un plan anual de actuacións destinado a promover as relacións entre a universidade e o seu ámbito cultural, profesional, económico e social ao servizo da calidade da actividade universitaria.
- ❑ Aprobar, con carácter anual, unha memoria das súas actividades, que remitirá ao Parlamento de Galicia e á consellaría competente en materia de universidades.
- ❑ Fomentar a colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación na universidade, contribuíndo á captación de recursos económicos externos e ao mecenado á universidade por parte de persoas físicas e entidades.
- ❑ Realizar estudos sobre materias da súa competencia e, en particular, sobre a adecuación da oferta de titulacións e dos plans de estudo ás necesidades sociais, sobre o rendemento académico do alumnado e a inserción laboral, sobre a investigación e a transferencia dos seus resultados á sociedade.
- ❑ Impulsar actuacións que permitan un maior achegamento do estudantado ao mercado laboral, especialmente mediante convenios con entidades públicas e privadas que complementen a súa formación e melloren a súa empregabilidade.



NO ÁMBITO ECONÓMICO E PATRIMONIAL

- ❑ Aprobar o orzamento da universidade e facer o seguimento da súa execución.
- ❑ Aprobar as contas anuais da universidade e das entidades dela dependentes.
- ❑ Aprobar as propostas de prezos das ensinanzas propias e das actividades de formación permanente.
- ❑ Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do PDI e do PAS, así como sobre os convenios colectivos antes da súa formalización.
- ❑ Acordar, por proposta do Consello de Goberno e dentro dos límites fixados pola Xunta de Galicia, a asignación de complementos retributivos adicionais ao PDI.
- ❑ Ser informado dos contratos e convenios nos que participe a universidade, incluídos os subscritos ao abeiro do artigo 83 da LOU.
- ❑ Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, os regulamentos de xestión contractual e patrimonial, e os actos de disposición de bens de extraordinario valor.
- ❑ Aprobar a aceptación de herdanzas, doazóns ou legados.
- ❑ Emitir informe sobre colexios maiores e residencias universitarias.
- ❑ Aprobar a creación, modificación ou extinción de entidades nas que participe a universidade.
- ❑ Velar pola realización de auditoría das contas antes da súa aprobación.



NO ÁMBITO DA SUPERVISIÓN DE ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS

- ❑ Supervisar o rendemento e calidade dos servizos universitarios, formulando propostas ao Consello de Goberno para mellorar a docencia, investigación e xestión.
- ❑ Solicitar informes e inspeccións dos servizos universitarios ás administracións públicas, oído o Consello de Goberno.
- ❑ Acordar, xunto coa reitoría, o nomeamento e cesamento da persoa titular da Xerencia.
- ❑ Supervisar que a política de bolsas e axudas se axuste aos principios de publicidade, mérito e capacidade.

OUTRAS

- ❑ O Consello Social desenvolverá tamén aquelas funcións que, de acordo coa súa natureza, lle sexan atribuídas polos Estatutos da universidade, por normativa interna ou pola lexislación vixente.

COMPOSICIÓN (31/12/2024)

PRESIDENCIA

- 🏢 D^o Cecilia Sierra Rey

MEMBROS NATOS/AS

- 🏢 D. Antonio López Díaz
Reitor da Universidade
- 🏢 D^o Dulce M^o García Mella
Secretaria Xeral da Universidade
- 🏢 D. Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente da Universidade

EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA USC

- 🏢 D. Francisco Fraga López
Persoal docente e investigador
- 🏢 D. Juan Oreiro Formoso
Persoal de administración e servizos
- 🏢 D^o María Creo Rodríguez
Estudantado

EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA

Designación polo Parlamento de Galicia

- 🏢 D^o M^o del Carmen Quintas Cruceira
- 🏢 D^o Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez
- 🏢 D. Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez
- 🏢 D. Ramón Medina González-Redondo
- 🏢 D. Ramón Alonso Álvarez
- 🏢 D. Manuel Francisco Martín García

Designación pola Xunta de Galicia

- 🏢 D^o Carmen Lence Ferreiro
- 🏢 D. Manuel Cornes Sieira
- 🏢 D. Torcuato Labella Lozano
- 🏢 D. Juan Manuel López Labrada
- 🏢 D. Juan Luis Méndez Rojo
- 🏢 D^o Aída Rodríguez Aspirichaga

Designación polas organizacións sindicais

- 🏢 D. Diego Boquete Sánchez
- 🏢 D. Óscar Manuel Lorenzo Fernández
- 🏢 D. Juan Mariñas Liste

Designación polas organizacións empresariais

- 🏢 D. Carlos Cebrián Escobar
- 🏢 D^o Guadalupe Hervera Iglesias
- 🏢 D. José Villarnovo Faraldo
- 🏢 D^o Marina Graña Bermúdez



Designación polas corporacións locais dos concellos dos campus

- ❑ D. Jaime Luis López Vázquez (Concello de Lugo)
- ❑ D. Manuel César Vila (Concello de Santiago de Compostela)

Designación polos colexios profesionais

- ❑ D. José Ángel Raña Caamaño

Designada pola Asociación de Antigos Alumnos da USC

- ❑ D^a Luisa Rivas García

Secretaría

- ❑ D^a Marta Villamayor Álvarez

NOMEAMENTOS

- ❑ **Luisa Rivas García**
Foi nomeada representante da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC en substitución de **Ramón Lois Lorenzo** (Orde do 15 de xaneiro de 2024).
- ❑ **Marina Graña Bermúdez**
Foi nomeada representante da Confederación de Empresarios de Galicia en substitución de **Nuria Pereira Martínez**, por finalización de mandato (Orde do 2 de xullo de 2024).
- ❑ **Manuel César Vila**
Foi nomeado representante do Concello de Santiago de Compostela en substitución de **Gumersindo Guinarte Cabada** (Orde do 26 de agosto de 2024).
- ❑ **Ramón Alonso Álvarez**
Foi nomeado representante do Parlamento de Galicia en substitución de **Manuel Lolo Aira**, quen presentou renuncia (Orde do 24 de setembro de 2024).



COMISIÓNS

O Consello Social conta cun sistema de comisións internas de traballo que permiten organizar determinadas tarefas por áreas específicas. Están previstas catro comisións delegadas:

- Comisión Executiva
- Comisión Económica
- Comisión Académica
- Comisión de Relacións coa Sociedade

Estas comisións, cuxos membros son designados entre as persoas integrantes do propio Consello, están recollidas no seu Regulamento de organización e funcionamento e na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

NA PRÁCTICA ACTUAL TODA A ACTIVIDADE E A TOMA DE DECISIÓNS CANALÍZANSE A TRAVÉS DAS SESIÓNS DO PLENO.

REPRESENTACIÓN NOUTROS ÓRGANOS

O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela está presente en diversos órganos da propia universidade e do Sistema Universitario de Galicia. Esta representación facilita o achegamento entre a universidade e a sociedade, e garante a participación activa en espazos clave de decisión e seguimento.

A 31 de decembro de 2024, as persoas designadas polo Consello Social eran as seguintes:



Órganos do Sistema Universitario de Galicia

Consello Galego de Universidades

Cecilia Sierra Rey,
en representación do Consello Social

Consello de Dirección da ACSUG

Cecilia Sierra Rey

Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade de Titulacións (ACSUG)

Sen representación activa desde o cesamento de Ángel López Conde (marzo de 2021)

Órganos da Universidade de Santiago de Compostela

Consello de Goberno da USC

Cecilia Sierra Rey
Juan Manuel López Labrada
José Ángel Raña Caamaño

Fundación Dieta Atlántica

Manuel Cornes Sieira

Fundación USC

Torcuato Labella Lozano

Observatorio do Código Ético da USC

Torcuato Labella Lozano

Centros singulares de investigación

Representación exercida pola presidencia do Consello Social (Cecilia Sierra Rey):

CIQUS

Química Biolóxica e Materiais Moleculares

CIMUS

Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas

CITIUS

Tecnoloxías da Información

CRETUS

Tecnoloxías Ambientais

Campus de especialización

Representación exercida pola presidencia do Consello Social:

Campus Vida

Campus Terra

Institutos universitarios

Representación exercida pola presidencia do Consello Social:

Instituto da Lingua Galega (ILG)

Instituto de Matemáticas da USC (IMAT)

Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

3.

ACORDOS E **ACTIVIDADE INTERNA**

- REUNIÓNS E ACORDOS DO PLENO
- ASISTENCIA
- PLAN DE ACTUACIÓN 2024-2026
- RELACIÓNS INTERINSTITUCIONAIS



3. ACORDOS E **ACTIVIDADE INTERNA**



REUNIÓNS E ACORDOS DO PLENO

O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela celebrou sete sesións plenarias ordinarias en 2024. En cada unha delas tratáronse cuestións fundamentais para o exercicio das competencias asignadas a este órgano, relativas á supervisión económica, o seguimento da actividade académica, a aprobación de normativas e prezos, e a representación institucional.

A continuación recóllense os acordos adoptados en cada sesión plenaria:

PLENO ORDINARIO. 16 DE FEBREIRO DE 2024

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, do Plan de Actuacións do Consello Social
- Información sobre o nomeamento de membros do Consello Social no Consello de Goberno
- Aprobación, se procede, da proposta do Consello de Goberno do recoñecemento da actividade investigadora (sexenios) de profesorado laboral. Convocatoria 2022 (recursos)
- Aprobación, se procede, da proposta de complementos retributivos autonómicos (recursos)
- Informe sobre modificacións non substanciais de programas de doutoramento para o curso 2024/2025
- Informe sobre a modificación (reverificación) do Máster Erasmus Mundus en Lexicografía
- Informe sobre a modificación da memoria do dobre grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual
- Información sobre convenios

PLENO ORDINARIO 15 DE MARZO DE 2024

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, do nomeamento de representantes do Consello Social no Consello de Goberno
- Aprobación, se procede, do nomeamento de representante do Consello Social nos Institutos de Humanidades e Psicoloxía
- Aprobación, se procede, da proposta de actuacións en materia de PDI. Planificación 2024
- Aprobación, se procede, do balance final de liquidación de UNIXEST
- Aprobación, se procede, de modificacións orzamentarias
- Información sobre cesións, doazóns e modificacións orzamentarias
- Información sobre convenios

PLENO ORDINARIO 4 DE XUÑO DE 2024

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, dos criterios de reparto das bolsas de colaboración do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes e do listado de distribución das mesmas para o curso 2024-2025
- Informe sobre propostas complementarias de modificacións non substanciais das memorias dos graos en Mestre de Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria

- Informe sobre a modificación substancial da memoria do Máster en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento (NUTRENVIGEN-G+D Factors)
- Informe sobre a modificación da RPT de PTXAS
- Aprobación, se procede, dos prezos de cursos de estudos propios
- Aprobación, se procede, de modificación de tarifas
- Aprobación, se procede, de transferencias de crédito
- Información sobre asuntos económicos
- Información sobre convenios.

PLENO ORDINARIO DO 26 DE XUÑO DE 2024

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, das Contas Anuais da USC e entidades dependentes correspondentes ao exercicio 2023
- Informe sobre a modificación da RPT de PAS Laboral
- Informe sobre a modificación da RPT de PTXAS Funcionario
- Aprobación, se procede, da modificación dos estatutos da USC
- Aprobación, se procede, dos prezos de cursos de estudos propios
- Aprobación, se procede, de complementos retributivos autonómicos
- Aprobación, se procede, de complementos de recoñecemento de mérito docente (quinquenios). Convocatoria 2023

- Informe sobre a modificación de RPT de PDI
- Informe sobre as novas titulacións de máster universitario para a súa implantación no curso 2025/2026
- Informe sobre modificacións substanciais de titulacións de grao, máster universitario e programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2025/2026
- Informe sobre a normativa de permanencia das titulacións de Grao e Máster (punto retirado)
- Aprobación, se procede, das tarifas para o curso 2024/2025
- Asuntos económicos
- Información sobre convenios
- Posicionamento do Consello Social sobre o pronunciamiento do Consello de Goberno en relación coa situación en Palestina
- Informe sobre a modificación da Normativa de permanencia nas titulacións de Grao e Máster
- Informe sobre a modificación da RPT de PTXAS laboral
- Aprobación, se procede, da proposta de supresión do Instituto de Investigación en Análises Químicas e Biolóxicas (IAQBUS)
- Aprobación, se procede, dos prezos de cursos de estudos propios
- Aprobación, se procede, de tarifas
- Asuntos económicos
- Información sobre memorias de estudos propios
- Información sobre convenios
- Rolda aberta de intervencións

PLENO ORDINARIO DO 30 DE XULLO DE 2024

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, da memoria do Consello Social correspondente ao ano 2023
- Informe sobre a modificación da RPT de PDI
- Aprobación, se procede, da asignación de complementos por actividade investigadora de profesorado contratado (sexenios). Convocatoria 2023
- Aprobación, se procede, de complementos retributivos autonómicos

PLENO ORDINARIO DO 16 DE OUTUBRO DE 2024

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, da decisión de licitar a contratación da auditoría das contas anuais da USC e entidades dependentes para o ano 2024 e seguinte/s, no seu caso, solicitando ao órgano de contratación que leve a cabo todas as actuacións e decisións técnicas precisas ao efecto
- Informe sobre a proposta de Planificación Complementaria de PDI 2024
- Aprobación, se procede, dunha corrección na proposta de asignación de complementos de recoñecemento de mérito docente (convocatoria 2023)

- Informe sobre a modificación da RPT de PTXAS Laboral
- Aprobación, se procede, da participación da USC na Asociación Profesional Española de Privacidade (APEP)
- Aprobación, se procede, dos prezos de cursos de estudos propios
- Aprobación, se procede, de modificacións de crédito
- Información sobre modificacións de crédito
- Información sobre convenios
- Rolda aberta de intervencións

PLENO ORDINARIO DO 30 DE DECEMBRO DE 2024

- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Informe da presidenta
- Informe do reitor
- Aprobación, se procede, dos Orzamentos da USC para o ano 2025
- Informe sobre as modificacións non substanciais de memorias de grao e máster universitario para a súa implantación no curso 2025-2026
- Aprobación, se procede, dos prezos de cursos de estudos propios
- Asuntos económicos
- Información sobre convenios

ASISTENCIA AOS PLENOS

16 DE FEBREIRO DE 2024



15 DE MARZO DE 2024



4 DE XUÑO DE 2024



26 DE XUÑO DE 2024



30 DE XULLO DE 2024



16 DE OUTUBRO DE 2024



30 DE DECEMBRO DE 2024



PLAN DE ACTUACIÓN 2024-2026

O Consello Social aprobou o seu Plan de actuacións para o período 2024-2026 no pleno do 16 de febreiro de 2024, en cumprimento do establecido na Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario, na Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia e no seu propio regulamento de funcionamento.

O documento recolle como misión fundamental promover a colaboración entre a USC e a sociedade, contribuíndo á excelencia da universidade como servizo público e facilitando

a transferencia de coñecemento e a conexión co tecido económico, social e cultural.

Os tres obxectivos principais do plan son:

- ▣ Contribuír a dar a coñecer á sociedade os logros da USC e achegar á universidade a realidade social e económica galega.
- ▣ Romper a barreira entre o antigo alumnado e a institución universitaria.
- ▣ Potenciar a inserción laboral do alumnado egresado.

Para o seu desenvolvemento, establécense catro grandes liñas de actuación:



1. DIVULGACIÓN DA ACTIVIDADE UNIVERSITARIA:

Fomento do mecenado, apoio á difusión dos resultados da investigación, impulso da transferencia de coñecemento e colaboración en eventos estratégicos, bolsas e iniciativas culturais.



2. COÑECEMENTO DO ENTORNO SOCIAL E ECONÓMICO:

Transmisión das demandas sociais á universidade, promoción de actividades que acheguen o alumnado ao mercado laboral e colaboración en convenios de prácticas externas.



3. RELACIÓN CO ANTIGO ALUMNADO:

Fortalecemento da rede Alumni, promoción do orgullo de pertenza, organización de encontros profesionais e programas de mentoring.



4. VISIBILIDADE DO CONSELLO SOCIAL:

Mellora da sede institucional, colaboración cos medios, apoio ao Campus de Lugo, impulso de premios e distincións como o Premio Humanitas ou o recoñecemento ao alumnado e egresados/as destacados/as.

Este plan representa a folla de roteiro do Consello Social da USC para reforzar a súa función de ponte entre universidade e sociedade nos vindeiros anos.




RELACIÓNS INTERINSTITUCIONAIS

**DURANTE O ANO 2024,
O CONSELLO SOCIAL DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA PARTICIPOU
ACTIVAMENTE EN ESPAZOS DE
COORDINACIÓN E GOBERNANZA
UNIVERSITARIA NO ÁMBITO
GALEGO.**

A presidenta do Consello Social, Cecilia Sierra Rey, foi convocada ás reunións do **Consello Galego de Universidades**, órgano de coordinación do Sistema Universitario de Galicia, celebradas os días **14 de xuño** e **11 de decembro**. Nelas abordáronse cuestións relacionadas coa oferta académica, os prezos públicos, a normativa universitaria e a planificación de novos títulos.

Así mesmo, a presidencia do Consello foi convocada ás reunións do **Consello Reitor da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)**, celebradas o **22 de xullo** e o **11 de decembro**. Nestes encontros tratáronse temas como os plans estratéxicos da axencia, a avaliación externa, a renovación de representantes, e o seguimento económico e de xestión da entidade.

Estas relacións permiten reforzar o papel do Consello Social como ponte entre a universidade e a sociedade, e contribúen á coordinación efectiva do sistema universitario galego.



4.

ACTIVIDADES

● APOIO À COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Prácticas extracurriculares

Bolsas e apoio ao alumnado

Programa de apoio a refuxiados

Axudas do Consello Social da USC

● RECOÑECEMENTO E IMPACTO

Premio ao alumnado mellor valorado

Premio Humanitas a entidades sociais



4. | ACTIVIDADES



FOTO: Santi Alvite



O CONSELLO SOCIAL CONECTA O ALUMNADO COA REALIDADE PROFESIONAL

APOIO Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA

PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

O Programa de Prácticas externas Extracurriculares promovido e ofertado polo Consello Social da USC consolídase como unha ponte estratéxica entre a formación universitaria e o mundo laboral. Permite que estudantes de grao e máster realicen estadias formativas en empresas e entidades colaboradoras mediante convenios de cooperación educativa.

UN PROGRAMA ABERTO, FLEXIBLE E FORMATIVO

As prácticas, de carácter voluntario, están abertas a todo o estudante da USC que non teña acadado o número máximo de créditos nesta modalidade e non teña depositado o traballo fin de grao ou máster. A actividade debe estar vinculada á súa titulación e realízase fóra do plan de estudos, pero queda recollida no expediente e no Suplemento Europeo ao Título.

A duración das prácticas pode ir de 125 a 750 horas (de 5 a 30 ECTS), cun máximo de seis meses, unha xornada máxima de oito horas diarias e corenta semanais. Durante a súa estadia, o alumnado conta cunha dobre titoría: unha persoa designada pola entidade para a formación no posto e unha persoa docente da USC como titor/a académico/a. Ao remate, expídese un certificado de realización e outro de créditos, ademais da posibilidade de obter acreditación de tutela para o persoal implicado.

DÚAS MODALIDADES DE ACCESO

O programa funciona a través de dúas vías:

- **Modalidade ordinaria.** As prácticas publícanse en convocatoria aberta tras recoller as ofertas de empresas e entidades interesadas. Esta convocatoria realízase dúas veces ao ano, en febreiro e setembro.
- **Modalidade preferente.** É o propio alumnado quen propicia a sinatura do convenio coa entidade da súa elección, optando a realizar as prácticas nela por unha única vez.

SEGURIDADE E COBERTURA PARA PARTICIPANTES

O alumnado está cuberto polo seguro escolar e, no caso de estudantes maiores de 28 anos, é obrigatoria a contratación dun seguro de accidentes. As entidades participantes non adquiren ningún compromiso contractual nin laboral, mais contribúen directamente á formación de futuros profesionais, sen custe engadido. Algunhas empresas, ademais, ofrecen compensación económica voluntaria ao alumnado en prácticas.


UNHA VÍA DE COLABORACIÓN UNIVERSIDADE-SOCIEDADE

O Consello Social ten entre as súas funcións promover o achegamento entre a Universidade e os distintos sectores da sociedade galega. A través da sinatura de convenios de cooperación educativa, tanto con entidades públicas como privadas, nacionais ou internacionais con sede en España, avánzase na conexión entre a formación teórica e a realidade profesional. Moitos estudantes logran, grazas a este primeiro contacto, incorporarse laboralmente a estas entidades unha vez rematadas as prácticas.

XESTIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL DAS PRÁCTICAS

Neste ano o Consello Social asumiu ademais a xestión das obrigas coa Seguridade Social de todo o estudiantado en prácticas na USC, tanto curriculares como extracurriculares.

EN TOTAL, XESTIONÁRONSE COTIZACIÓNS POR UN IMPORTE SUPERIOR AOS 120.000 EUROS, CORRESPONDENTES A CASE 7.000 ESTUDANTES.



BENEFICIOS PARA ESTUDANTES E ENTIDADES COLABORADORAS

O programa ofrece ao estudiantado a oportunidade de tomar contacto co mundo laboral, aplicar os seus coñecementos teóricos e mellorar as súas competencias profesionais nun entorno real. A flexibilidade de horarios e a posibilidade de adaptación ás necesidades das entidades colaboradoras fan que a experiencia sexa mutuamente beneficiosa. Ademais, estas entidades poden identificar perfís profesionais de interese para futuras incorporacións, obter un selo de colaboración coa USC e estreitar lazos coa universidade sen asumir custes económicos nin compromisos laborais.

COMO COLABORAR CO PROGRAMA DE PRÁCTICAS

As empresas e entidades interesadas en acoller alumnado en prácticas deben:

- Asinar un convenio de cooperación educativa coa USC, que as habilita para participar nas convocatorias sen que iso implique obrigas de participación.
- Remitir ao Consello Social as ofertas de prácticas nas que desexen participar.
- Designar unha persoa titor que supervise a aprendizaxe do estudante durante a súa estadía.
- Enviar ao remate da actividade un informe final sobre o desenvolvemento das prácticas.

BALANCE

Desde a súa creación, o Programa de Prácticas Externas Extra-curriculares non deixou de medrar, tanto en interese por parte do alumnado como na implicación de entidades colaboradoras. Ao longo destes anos, foron moitos os convenios asinados co tecido empresarial e institucional que permitiron enriquecer a formación práctica do estudiantado da USC.

As cifras avalan esta consolidación. O número de estudantes inscritos medrou das 42 persoas en 2016 ás máis de 190 en anos recentes, cun pico de 196 en 2018. No tocante ao número de prácticas realizadas, destaca especialmente o ano 2018, con 157 estadías completadas, e o 2017, con 131. A validación de créditos tamén foi relevante nese período, superando os 1.400 ECTS recoñecidos en varios cursos.

Cómpre sinalar que, malia as oscilacións nalgunhas edicións —especialmente motivadas polo contexto da pandemia no 2020—, a tendencia global é de consolidación. A curva de participación mantense estable, cunha oferta de prácticas que chega a superar as 500 oportunidades en anos como 2018, e cunha media anual superior aos 60 convenios asinados.

ALUMNADO INSCRITO

1.675



OFERTAS

3.832



PRÁCTICAS REALIZADAS

1.228



CRÉDITOS VALIDADOS

11.338



CONVENIOS ASIGNADOS

709



Estes datos reflicten o interese crecente polo programa tanto por parte do estudiantado como do sector profesional, e reforzan a súa utilidade como ferramenta de transición entre a vida académica e a inserción laboral.



BOLSAS DE COLABORACIÓN Á FORMACIÓN

O Consello Social da USC encargouse no curso 2024-2025 de aprobar a distribución de **83 bolsas de colaboración** en departamentos do Ministerio de Educación a estudantes de grao e máster, facilitando a súa participación en tarefas de apoio académico e investigador nos distintos departamentos da USC. Esta iniciativa, xa consolidada, busca contribuir á formación práctica do estudiantado e á súa vinculación cos equipos docentes e de investigación.

A distribución das bolsas realizouse atendendo á proposta dos propios departamentos e foi publicada a través dun reparto inicial e dunha listaxe de prelación que garantiu a transparencia e a equidade no proceso. O programa constitúe unha ferramenta eficaz de apoio ao alumnado e unha mostra do compromiso do Consello Social co fortalecemento da experiencia universitaria.

LISTA PRELACIÓN

ORDEN	DEPARTAMENTO
1	Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría
2	Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina
3	Departamento de Física de Partículas
4	Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina
5	Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría
6	Departamento de Patoloxía Animal
7	Departamento de Xeografía
8	Departamento de Historia
9	Departamento de Historia
10	Departamento de Ciencias da Comunicación
11	Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
12	Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas

ORDEN	DEPARTAMENTO
13	Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola
14	Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
15	Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
16	Departamento de Filosofía e Antropoloxía
17	Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
18	Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
19	Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
20	Departamento de Enxeñaría Química
21	Departamento de Física de Partículas
22	Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía
23	Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física
24	Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física
25	Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
26	Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
27	Departamento de Matemática Aplicada
28	Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
29	Departamento de Enxeñaría Agroforestal
30	Departamento de Física Aplicada
31	Departamento de Química Orgánica
32	Departamento de Xeografía
33	Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral

ORDEN	DEPARTAMENTO
34	Departamento de Economía Aplicada
35	Departamento de Filosofía e Antropoloxía
36	Departamento de Didácticas Aplicadas
37	Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
38	Departamento de Química Física
39	Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas
40	Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
41	Departamento de Dereito Común
42	Departamento de Historia da Arte
43	Departamento de Patoloxía Animal
44	Departamento de Electrónica e Computación
45	Departamento de Historia da Arte
46	Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
47	Departamento de Botánica
48	Departamento de Pedagogía e Didáctica
49	Departamento de Ciencias da Comunicación
50	Departamento de Bioloxía Funcional
51	Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
52	Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
53	Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría
54	Departamento de Física Aplicada
55	Departamento de Matemáticas
56	Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía
57	Departamento de Fisioloxía

ORDEN	DEPARTAMENTO
58	Departamento de Enxeñaría Agroforestal
59	Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
60	Departamento de Electrónica e Computación
61	Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
62	Departamento de Economía Aplicada
63	Departamento de Filoloxía Galega
64	Departamento de Pedagogía e Didáctica
65	Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
66	Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
67	Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
68	Departamento de Bioloxía Funcional
69	Departamento de Dereito Común
70	Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias
71	Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
72	Departamento de Matemáticas
73	Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación
74	Departamento de Ciencia Política e Socioloxía
75	Departamento de Didácticas Aplicadas
76	Departamento de Economía cuantitativa
77	Departamento de Fundamentos da Análise Económica
78	Departamento de Química Inorgánica
79	Departamento de Ciencias Morfolóxicas
80	Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular
81	Departamento de Química Orgánica
82	Departamento de Economía Aplicada

ORDEN	DEPARTAMENTO
83	Departamento de Enxeñaría Química
84	Departamento de Enxeñaría Agroforestal
85	Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
86	Departamento de Filoloxía Galega
87	Departamento de Matemática Aplicada
88	Departamento de Física Aplicada
89	Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
90	Departamento de Historia
91	Departamento de Ciencias Morfolóxicas
92	Departamento de Electrónica e Computación
93	Departamento de Física de Partículas
94	Departamento de Pedagogía e Didáctica
95	Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
96	Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
97	Departamento de Electrónica e Computación
98	Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina
99	Departamento de Ciencia Política e Socioloxía
100	Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
101	Departamento de Historia
102	Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
103	Departamento de Didácticas Aplicadas
104	Departamento de Historia
105	Departamento de Enxeñaría Agroforestal
106	Departamento de Didácticas Aplicadas

ORDEN	DEPARTAMENTO
107	Departamento de Filosofía e Antropoloxía
108	Departamento de Bioloxía Funcional
109	Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
110	Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
111	Departamento de Didácticas Aplicadas
112	Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
113	Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas
114	Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
115	Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
116	Departamento de Didácticas Aplicadas
117	Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
118	Departamento de Xeografía
